

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 1 DE MARZO DE 2007.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. Xosé María Rivera Arnosó.

Asistentes:

D. Xosé María Permuy Martínez.
D. Andrés González Vizoso.
D^a Alicia Martínez González.
D. Xosé Anxo González Tomé.
D. Manuel V. Pico Sanmartín.
D^a Rita María Couto Seijido.
D. José Iván Puentes Rivera.
D. Manuel A. Rodríguez Carballeira,
(se ausenta da sesión no momento
que se expresa na presente acta).
D^a Carmen Goti Ramil.
D. Carlos García Bermúdez.
D. Jorge Luis Yáñez Fernández.
D^a Isabel Blanco Pico
D^a Elvira Amado López
D^a Amalia Malvar Fernández.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas do día un de Marzo de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Xosé María Rivera Arnosó, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xosé María Permuy Martínez, Don Andrés González Vizoso, Dona Alicia Martínez González, Don Xosé Anxo González Tomé, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Dona Rita María Couto Seijido, Don José Iván Puentes Rivera, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Dona Carmen Goti Ramil, Don Carlos García Bermúdez, Don Jorge Luis Yáñez Fernández, Dona Isabel Balnco Pico, Dona Elvira Amado López, Dona Amalia Malvar Fernández, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión Interventora municipal, Dona Águeda Bello Valdés e actúa como secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, secretaria do Concello, que da fe do acto.

Interventora:

D^a Águeda Bello Valdés.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 1 DE FEBREIRO DE 2007.-

A continuación, de conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 1 de Febreiro de 2007, previamente remitida coa convocatoria.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que na páxina 21, na transcripción da súa intervención hai un erro xa que él dixo que estaban de acordo que se presentase esa moción, pero non dixo que ía votar a favor se se presentara.

A continuación, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a aprobación da acta da sesión celebrada en data 1 de febreiro de 2007, coa corrección sinalada polo Sr. Sánchez Martínez, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión celebrada en data 1 de febreiro de 2007, coa seguinte corrección: na páxina 21, na transcripción da intervención do Sr. Sánchez Martínez, onde di: “A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que por parte de EU non hai ningún inconveniente en que se presente esta moción e votaría a favor e a súa postura é coñecida, e como agora hai eleccións municipais dentro de pouco, hai afirmacións...” , debe dicir: “A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que por parte de EU non hai ningún inconveniente en que se presente esta moción e a súa postura é coñecida, e como agora hai eleccións municipais dentro de pouco, hai afirmacións...”.

2º- INFORME SOBRE A COLABORACIÓN NA HOMENAXE GALEGA A BONIFACIO BORREIROS FERNÁNDEZ.-

A continuación dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 26 de Febreiro de 2007 que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo de data 12 de Febreiro de 2007 que transcrito di:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, ENSINO, DEPORTES, XUVENTUDE E TURISMO

Na xuntanza extraordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo que tivo lugar o día 12 de febreiro de 2007, dase conta do informe do Xestor de actividades, culturais, deportivas, educativas e de normalización lingüística, que transcribo literalmente:

«INFORME SOBRE A COLABORACIÓN NA HOMENAXE GALEGA A BONIFACIO BORREIROS FERNÁNDEZ

SOLICITANTE: Comisión de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo

ANTECEDENTES:

1. Escrito da Comisión organizadora da homenaxe pola que solicita a colaboración do Concello..

INFORME-PROPOSTA

1. Dada a relevancia do acto, adherirse á citada homenaxe.

Fene, 8 de febreiro de 2007»

Ábrese o debate sen que se produzan intervencións ao respecto..

Rematado o debate, o Sr. Presidente da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo somete a votación o asunto e por unanimidade ditamina someter á consideración do Concello Pleno o seguinte:

- Expresar o apoio e a adhesión do Concello de Fene á homenaxe a Bonifacio Borreiros Fernández.”

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: Expresar o apoio e a adhesión do Concello de Fene á homenaxe a Bonifacio Borreiros Fernández.”

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 26 de Febreiro de 2007 anteriormente transcrita.

3º.- INFORME SOBRE A COLABORACIÓN NA HOMENAXE GALEGA A ISAAC DÍAZ PARDO.-

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo de data 12 de Febreiro de 2007 que transcrito di:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, ENSINO, DEPORTES, XUVENTUDE E TURISMO

Na xuntanza extraordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo que tivo lugar o día 12 de febreiro de 2007, dase conta do informe do Xestor de actividaes culturais, deportivas, educativas e de normalización lingüística que transcribro literalmente:

«INFORME SOBRE A COLABORACIÓN NA HOMENAXE GALEGA A ISAAC DÍAZ PARDO

SOLICITANTE: Comisión de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo.

ANTECEDENTES:

1. Con data de 01/02/2007 e número 983 de rexistro de entrada a Asociación Cultural Fuco Buxán solicita a colaboración municipal na Homenaxe Galega a Isaac Díaz Pardo.

INFORME-PROPOSTA

1. Dada a relevancia do acto, adherirse á citada homenaxe.

Fene, 8 de febreiro de 2007»

Ábrese o debate e os membros dos grupos municipais do BNG, PSdG-PSOE e EU-IU manifestan o seu apoio á homenaxe a Díaz Pardo en base ao seu compromiso cívico e político co desenvolvemento económico e cultural de Galicia así como polo seu labor como emprendedor e comprometida na defensa das liberdades.

Rematado o debate, o Sr. Presidente da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo somete a votación o asunto e por catro votos a favor (D. Xosé A. González Tomé, D. Andrés González Vizoso, D. José Iván Puentes Rivera e D. Manuel Sánchez Martínez), a abstención de D^a M^a Pilar Fornos Corral e sen ningún voto en contra a Comisión ditamina propoñer ao concello pleno a adopción dos seguintes acordos:

- Expresar o apoio e adhesión do Concello de Fene á Homenaxe Galega a Isaac Díaz Pardo.
- Colaborar coa Asociación Fuco Buxán na organización da citada homenaxe coa achega de 1.500 €
- Estudar a posibilidade de organizar a través do Museo do Humor e contra finais de ano unha homenaxe dos humoristas galegos a Isaac Díaz Pardo:"

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo de data 12 de Febreiro de de 2007 anteriormente transcrito.

4º.- INFORME-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 9 DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO CON DESTINO A ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS.-

De seguido dáse conta da proposta da Alcaldía de data 26 de Febreiro de 2007 que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo de data 12 de Febreiro de 2007 que transcrito di:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, ENSINO, DEPORTES, XUVENTUDE E TURISMO

Na xuntanza extraordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo que tivo lugar o día 12 de febreiro de 2007, dase conta do informe do Xestor de actividades, culturais, deportivas, educativas e de normalización lingüística, que transcribo literalmente:

«INFORME-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 9 DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO CON DESTINO A ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS

SOLICITANTE: Sr. Alcalde do concello

ANTECEDENTES

Tendo en conta que as citadas Bases son inaplicábeis ao establecer no seu artigo 9 un prazo límite para a xustificación da subvención (30 de xaneiro) anterior á publicación da convocatoria.

PROPOÑO

Ao obxecto de subsanar esa contradición a aprobación polo órgano competente dun novo prazo para a xustificación do investimento das subvencións concedidas, prazo que podería rematar o 30 de xuño de 2007»

Ábrese o debate sen que se produzan intervencións ao respecto.

Rematado o debate, o Sr. Presidente da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo somete a votación o asunto e por unanimidade ditamina someter á consideración do Concello Pleno o seguinte:

- Corrixir esa contradición e aprobar un novo prazo para a xustificación do investimento das subvencións concedidas, prazo que rematará o 30 de xuño de 2007.”

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: modificar o artigo 9 das bases da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades en fin de lucro con destino a actividades e investimentos e corrixir esa contradición e aprobar un novo prazo para a xustificación do investimento das subvencións concedidas, prazo que rematará o 30 de xuño de 2007.”

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 26 de Febreiro de 2007 anteriormente transcrita.

5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL, TRÁFICO, POLICÍA E PROTECCIÓN CIVIL SOBRE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE FENE EN APOIO AO PLAN INDUSTRIAL PARA O ESTALEIRO DE FENE.-

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai unha moción conxunta do Bloque Nacionalista Galego e do PSdeG-PSOE e polo tanto retiran esta moción ao existir unha conxunta.

6º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE A SITUACIÓN NA QUE SE ATOPA O ESTALEIRO DE NAVANTIA FENE E O PLAN INDUSTRIAL APOIADO POLA XUNTA DE GALICIA.-

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido, manifesta que ,dado que desde que foi á Comisión a moción ata o día de hoxe conseguíuse chegar a un consenso entre o BNG e o Partido Socialista para presentar unha moción conxunta, retiran esta moción .

7º.- DAR CONTA DA COMPOSICIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR NO CONCELLO DE FENE.-

A continuación dáse conta do escrito presentado polas Concelleiras do grupo político do Partido Popular de data 29 de xaneiro de 2007(rexistro de entrada nº 972),que transcrito di:

“SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FENE

Para dar cumprimento no disposto no artigo 24 do r.O.F. e no artigo 74 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, trala dimisión de Dona, Purificación Rodríguez Rico, o grupo político do Partido Popular no Concello de Fene está composto polos seguintes integrantes:

1. Dona Mª Isabel Blanco Pico.
2. Dona Amalia Malvar Fernández.
3. Dona Pilar Fornos Corral.
4. Dona Elvira Amado López.”

8º.- MOCIÓNS URXENTES.-

8.1.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DO PSdeG-PSOE DE FENE ANTE A SITUACIÓN NA QUE SE ATOPA O ESTALEIRO NAVANTIA-FENE E O PLAN INDUSTRIAL APOIADO POLA XUNTA DE GALICIA

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que o PP descoñece esta moción.

O Sr. Permuy Martínez manifesta que o tema foi que para que non houbera problemas nos puntos da orde do día, eles e o PSOE retiraron as súas mocións e aceptan meter en mocións urxentes a que se discutiu o outro día na comisión.

Intervén o Sr. Alcalde e manifesta que a moción que agora presentan estaba na documentación deste Pleno ,pero noutra carpeta.

Pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera e unha vez concedido, manifesta que a moción estaba dentro da documentación do Pleno e pola súa banda non hai problema en que se lea.

Seguidamente, por parte da Sra. Secretaria , de orde da Presidencia, procédese a dar lectura á moción que transcrita literalmente di:

“MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DO PSdeG-PSOE DE FENE ANTE A SITUACIÓN NA QUE SE ATOPA O ESTALEIRO NAVANTIA-FENE E O PLAN INDUSTRIAL APOIADO POLA XUNTA DE GALICIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios da década dos 70 Astano era un estaleiro privado con capacidade para 350.000 Tm de aceiro e un cadro de persoal de 6.000 traballadores/as.

A partir de 1984 a reconversión naval que afectou ao sector e ás negociacións con Bruxelas que tres anos despois traducíronse na prohibición de construír buques e ter que dedicar a factoría á produción off-shore trouxeron como consecuencias a perda de numerosos postos de traballo e o comezo do declive industrial desta comarca.

Astano, Izar e ao cabo Navantia e as súas industrias auxiliares convértense no paradigma do declive industrial de Ferrolterra.

A inicios de 2004 a situación de Izar (Astano) era crítica. A Unión Europea obrigaba ao reintegro de axudas públicas multimillonarias (1.250 millóns de euros) concedidas ilegalmente a Izar polo antigo goberno do Partido Popular, decisións que adoptou no ano 1999 e 2000. Esta obriga afectaba de xeito decisivo á saúde financeira da empresa pública Izar, feríaa de morte; feito que se combinaba cunha forte presión política, sindical e cidadán e unhas deficientes perspectivas de carga de traballo.

Tras un período de negociacións, acadouse un acordo a varias bandas, Comisión Europea, SEPI e sindicatos de ámbito estatal que, sobre a base da separación corporativa de produción civil e militar, garantía a continuidade da produción naval de carácter militar na ría de Ferrol e a inclusión final do estaleiro de Fene na nova empresa pública.

Como consecuencia deste acordo producíronse 1.400 prexubilacións en Ferrol e Fene, e Navantia Fene quedou con 360 traballadores/as. Deste xeito Fene, con 800.000 metros cadrados, convértese nunha compañía auxiliar de Ferrol e non nun auténtico estaleiro.

Ante isto, parécenos que deben establecerse prioridades claras para o uso das instalacións da antiga ASTANO:

- a) Dar servizo e resposta ás necesidades de navantia, como empresa pública de construción naval, en primeiro lugar, para o que é necesario aumentar a carga de traballo da compañía militar e civil, en construción e reparación.
- b) Uso da capacidade industrial ociosa de Navantia Fene para proxectos empresariais e privados, en condicións de mercado, transparencia e competencia superando as limitacións establecidas polos compromisos acadados coa Comisión Europea. Nesta segunda prioridade tería un lugar de privilexio a construción naval.

O Goberno Galego despois de 2005, traballou activamente para evitar que se prolongase esta situación e para facer que a capacidade produtiva ociosa nas instalacións de Fene xere máis riqueza e sexa un motor de desenvolvemento industrial da comarca.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria, presentou un Plan Industrial para o Estaleiro de fene, baseado na desafectación dos activos ociosos que hoxe hai en Navantia e na construción de buques civís a través dun promotor industrial, "Hijos de J. Barreras" e co financiamento de Caixanova e Caixa Galicia.

Por todo o sinalado anteriormente, os grupos municipais que subscribimos esta moción presentamos as seguintes

PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN:

1. O Pleno do Concello de Fene manifesta o seu apoio ao Plan Industrial para o Estaleiro de Fene e insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:
 - a) Que adopte as medidas precisas que permitan que parte dos activos que no pasado pertenceron a Astano en Fene poidan ser desafectados pola SEPI e dedicados preferentemente á construción naval convencional no ámbito civil.
 - b) Que se garante a plena carga de traballo na factoría de Navantia Fene.
 - c) Que se presente de contado o Plan Industrial para Ferrolterra previsto nos acordos de 16 de decembro de 2004.
 - d) Que a SEPI, no suposto de que se adopte algún acordo que poida afectar aos/ás traballadores/as de Navantia Fene, garante sempre que o actual cadro de persoal do estaleiro poida optar por continuar dentro do sector público e que ademais, no caso de que esas decisións de futuro afecten á capacidade de produción do estaleiro fenés, procure o acordo dos traballadores de Navantia Fene.
 - e) Que a SEPI inicie coa Xunta de Galicia o deseño e impulso de novos proxectos de reindustrialización na comarca de Ferrolterra.”

Rematada a anterior lectura pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que non poden estar de acordo na urxencia desta moción porque entenden que tiveron todo un mes para poder debater e consensuar esta moción, que no pleno do mes pasado cando o PP presentou unha moción, o voceiro do BNG finalizaba a súa intervención dicindo que ían votar en contra desa moción porque crían que había tempo de sobra para presentar unha moción conxunta, así consta en acta, que elas, a verdade é que xa están acostumadas a que se lles dea este trato porque esta semana cando se presentaron as mocións falou co portavoz do BNG para dicirlle que elas estaban a favor de consensuar unha moción, que lles parecía o suficientemente interesante e necesario este tema, porque nunca o fixeron como política senón como necesidade de velar pola comarca e se lle dixo que si, que se reunirían e que falarían, que se reunirían hoxe antes do pleno porque xa non había tempo e que antes do pleno se lles chamaría para consensuar esta moción, e ninguén lles dixo nada e agora ven que entre o PSOE e o BNG traen a moción máis ou menos consensuada como lles parece; di que se o que pretenden estes grupos é cabrealas e dalgunha maneira tratar de que non vexan a realidade dos feitos, non vai ser así, elas saben o que hai, entenden que a moción débese negociar pero non van votar a favor da urxencia porque realmente non ven dita urxencia, xa que se no Pleno pasado non había urxencia e quedouse en que se debatería a moción non entende a razón de que hoxe veña con urxencia ao Pleno.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permy Martínez quen unha vez concedido manifesta que se se quere remexer se remexe todo o que queiran, que se falou da outra vez e si se dixo cando o PP presentou unha moción a presa e correndo que tiñan todo o mes para presentala, que durante o mes o PP non presentou ningunha moción, e que cando se estaba acercando a última semana, e dada a circunstancia de que tiñan que presentar algunha, o BNG presentou unha proposta que dixo que ía levar a unha comisión para estudiala e que ía ser unha proposta aberta, así o fixo saber tamén aos compañeiros do PSOE como aos de EU, que non tiña ningún inconveniente en reformar esa moción, o que pasa é que tiñan que traela consensuada e segundo ten entendido, xa que el non estivo nesa comisión, a voceira do PP fixo todo menos intentar consensuar, que a proposta do BNG estivo enriba da mesa dende o día 20 de febreiro para todo o mundo e aberta e así contestou que había tempo para debatela antes do pleno, se fixo unha comisión onde cada grupo podía levar as súas propostas, o único que levou unha proposta foi o Partido Socialista, e o Partido Popular non quixo saber nada.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen unha vez concedido manifesta que sinte que os compañeiros do voceiro do BNG non lle transmitan os recados; que sabe que non estivo porque eles llo dixeron pero ela si que estivo falando con eles e quedaron de que a ían chamar antes do pleno porque antes non había tempo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. González Vizoso quen, unha vez concedido , manifesta que a voceira do PP negouse rotundamente a entrar no consenso porque non lle aceptaron a urxencia da moción no Pleno anterior, que esa foi a súa resposta, e eles dixeron que irían ao consenso, que lles estrañou a negativa argumentando que a razón era porque non se aceptara a urxencia da súa moción no anterior Pleno.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen unha vez concedido manifesta que ela se refería á moción que presentaba o PSOE á comisión que non figuraba na orde do día dunha comisión extraordinaria e de feito non se aceptou porque non figuraba na orde do día.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen unha vez concedido manifesta que calquera moción que se presente aquí, ao igual que o outro día se apoiou que se presentara a moción de urxencia do PP no pleno pasado, a liña que eles van seguir é que calquera moción que presente calquera grupo eles sempre van votar afirmativamente, outra cousa é o que despois voten a continuación.

A continuación, de conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) ,dos/as Sres/as. Rivera Arnos, González Tomé, Pico Sanmartín, Permuy Martínez, González Vizoso, Martínez González, Couto Seijido, Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil, García Bermúdez, Yáñez Fernández e Sánchez Martínez

Votos en contra: Catro (4) , das Sras. Blanco Pico, Malvar Fernández, Fornos Corral e Amado López.

Abstencións: ninguna

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a urxencia da moción.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que como el tamén estaba na comisión de persoal desta semana na que se debateu a moción que presentaba o Bloque Nacionalista Galego, simplemente dicir que a capacidade de sorpresa que lle producen algunhas afirmacións do PP xa a ten case esgotada, pero é certo e constata porque estaba nesa comisión, alí había unha moción do Bloque Nacionalista Galego que figuraba na orde do día da comisión, e foi tamén e a pasou tanto á voceira do PP como ao de EU unha copia dunha moción do Partido Socialista presentada días atrás por rexistro, que non estaba na orde do día da comisión porque foi metida por rexistro cando a convocatoria da comisión xa saíra, pero hai unha moción do Partido Socialista rexistrada neste concello con data de entrada, por tanto, hai tamén unha proposta do Partido Socialista para chegar a un consenso nesa moción como expresou na comisión, e naquela comisión a Sra. Blanco Pico como voceira do Partido Popular cando o presidente da comisión dixo que había unha moción do Partido Socialista, ela o que dixo foi que non quería saber nada de pactos, nada de negociacións e que se quería cinguir única e exclusivamente ao punto da orde do día desa comisión, porque no Pleno anterior os demais grupos lle botaron abaixo a moción que pretendía presentar e que como lla botaran abaixo

non quería falar nada nin saber nada, que se da comisión ao pleno de hoxe tomou algún café con alguén do BNG e lle dixo fóra do que é o ámbito do Concello que quería pactar unha moción non o sabe, na comisión non o dixo, de tódolos xeitos a acta da comisión está aí e figurará o que dixo cada quen. Continúa a súa intervención o Sr. Puentes Rivera dicindo que con respecto á urxencia, simplemente dicir que é sorprendente que hai un mes fose urxente para o Partido Popular unha moción deste tipo e que hoxe non sexa urxente, cando levase un mes con ela, pero en calquera caso e xa falando do contido da moción, simplemente destacar con respecto á situación na que se atopa Astano e Fene, como di a propia moción, lembrar que no ano 2004 a raíz dunhas axudas concedidas ilegalmente a Izar no ano 1999 e 2000 polo goberno do Partido Popular, a Unión Europea impón unhas sancións determinadas que hai que afrontar, como di a propia moción, iniciase un período de negociacións que se concreta nun acordo determinado e é que o estaleiro de Fene quede dentro do sector público e pase a formar parte de Navantia; di que unha vez que iso se produce, atópanse coa situación na que estase hoxe en día, que baixo o seu punto de vista unha parte das instalacións de Navantia que a Sepi fixa en douscentos mil metros cadrados, que se pode discutir se son mais ou menos, unha parte en todo caso que si se podería destinar a outros usos industriais; partindo desta base xurde esta moción na que o que se pide é precisamente como primeira prioridade defender a Navantia como empresa de Fene e como empresa pública e que o goberno a dote de carga de traballo plena tanto no sector naval como no sector civil; tamén se pide e así o consideran necesario, que a Sociedade Estatal de Participacións Industriais presente canto antes o plan industrial que ten comprometido dende os acordos do ano 2004 e que deberían ir vencellados lóxicamente a un proxecto industrial concreto tanto para Fene como para o conxunto de Ferrolterra; con eses dous puntos previamente sinalados habería que tamén dentro desa parte ociosa, que é o que se pide nesta moción, buscar alternativas empresariais, buscar outros proxectos empresariais, preferentemente navais e civís, pero en calquera caso buscar proxectos empresariais que permitan crear máis emprego, que permitan diversificar a economía de Fene e en definitiva que permita crear máis riqueza no noso Concello e o que se anotaba e se apuntaba tamén nesta moción, na medida na que esas solucións de futuro afecten ao que é a capacidade de produción que Navantia ten hoxe en día, que se procurase tamén o acordo cos traballadores da empresa pública no sentido no que serían afectados tanto eles como a súa empresa, eses son os termos nos que cre que razoablemente tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista conseguiron consensuar esta moción e cre que reflicten fielmente tanto o que o seu grupo pensa como o que o Concello necesita para optimizar e para diversificar a súa economía.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que quixera ler a acta do pleno anterior na que o Sr. Iván di: Nese momento o Sr. Puentes Rivera pregunta ao Sr. Alcalde si está en uso da palabra a voceira do Partido Popular, e igualmente retira a súa pregunta porque se equivocou xa que pensou que quen tiña a palabra era o voceiro de EU. Continúa a Sra. Blanco Pico dicindo que no pleno anterior o Sr. Ivan dicía: "...non lle sorprende porque as concelleiras do PP de roxas non teñen nada pero sorpréndelle que non se poñan roxas presentando unha moción deste tipo intentando facer electoralismo e política barata con asuntos deste tipo...". Continúa a Sra. Blanco Pico dicindo que quixera saber que é o que é que lle cheguen ás súas mans dúas mocións calcadas, eso si, sen consensuar pero calcadas as do PSOE e a do Bloque, están os puntos aí, tal cal, e se iso non é política quixera saber que é, despois de todo un mes que houbo para consensuar, para tratar de sacar adiante este plan, vir ao pleno cunha moción que os seus compañeiros de goberno en Madrid xa lle dixeron que vai ser que non, que non vai haber Barreras en Fene, cando elas no pleno anterior pedían que se mandara á Unión Europea o proxecto de Barreras non quixeron saber nada, non había urxencia; que elas se tiveran o apoio dos compañeiros de Fene interesados polo Estaleiro, a estas alturas ou cerca estarían cunha

resposta de Bruselas porque do PSOE de Madrid xa sabían que ían ter unha resposta negativa, xa o sabían desde un principio e acertaron, apareceron dicindo os compañeiros que Fene debe estar pechado a favor duns estaleiros andaluces onde aí si que se destina carga de traballo militar e civil, polo tanto xa sabe que o Sr. Puentes non se vai poñer roxo pero cre que ten máis motivos para poñerse non roxo senón negro, que as Concelleiras do Partido Popular o único que intentaron durante estes catro anos foi facer unha política de goberno municipal porque as súas aspiracións nunca foron máis alá, senón a que o Concello poidera saír adiante e a intentar que o estaleiro de Fene, unha vez máis, poida ter un plan viable, onde poida ofrecer carga de traballo a todos os veciños de aquí e da comarca. Continúa a súa intervención dicindo que en xuño o seu partido presentou unha moción onde para ser consensuada houbo que retirar o punto da privatización e agora, aqueles partidos que a eles lles obrigaron a quitar o punto de privatización da súa moción están pedindo que se private, pero ao unísono, non un só senón os dous, está aí a moción onde se pedía no punto 4 que lle fixeron retirar e así consta nas actas e di: "...En último lugar e pese a estimar que non é o momento adecuado para a privatización por tratarse dunha empresa en crise, coa premisa do mantemento dos postos de traballo, a garantía dos dereitos dos traballadores adscritos o centro de Fene, e a posibilidade de optar pola súa permanencia no grupo público, si existise unha oferta para a súa privatización proceder o seu minucioso estudio sempre e cando exista un proxecto industrial serio, solvente e con garantía de futuro para a actividade como estaleiro, sen prexuízo das cautelas contractuais que se deban tomar ante o eventual incumprimento ou fracaso do mesmo, coa finalidade de evitar operacións especulativas, mediante un dereito de reversión a favor do Estado ou da Comunidade Autónoma...", e este punto ao Partido Popular se lle fixo quitar da moción para que fora consensuada, e agora teñen a cara e a pouca vergoña de vir con mocións despois de que a elas non llas admiten e din que elas fan electoralismo, que xa lle gustaría a ela saber que é o que fan estes partidos a parte de electoralismo cara ás eleccións municipais.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen unha vez concedido manifesta que quere enlazar un pouco coa mala memoria que parece que se quere ter e isto xa o dicía un filósofo grego hai dous mil cincocentos anos, parécelle que Sócrates que dicía que os homes teñen moi mala memoria, hai que repetirille as cousas continuamente para que non as esquezan, e iso ocorría precisamente hai dous mil cincocentos ou tres mil anos e hoxe ademais diso ven que ademais de non ter memorias hai opcións ou partidos políticos que tamén parece ser que queren ser cegos, lembrando aínda que ata hai pouco estiveron colgadas as pancartas en Astano que mais ou menos dicían "Astano non se pecha", "Astano non se vende e Astano non se privatiza e debe ser público", unha pancarta similar estivo colgada bastantes meses diante do Concello de Fene; detrás desas pancartas cre que foron todos, tanto traballadores do estaleiro como traballadores da comarca, veciños e veciñas de ferrolterra e comarca, sindicatos e tódolos partidos políticos, entre todos xuntos conseguiron que Astano permanecera dentro do sector público, ademais diso negociouse un plan de reindustrialización que dotara de plena actividade ao estaleiro e dinamizara a comarca, é certo que non se cumpriu, indubidablemente, e dende EU se preguntan por qué non seguen insistindo nese cumprimento que está asinado e se esixe o acordado; que esa postura non é soamente que a manteñan eles, hoxe calquera que poda pasar pola porta do estaleiro pode ver que seguen colgadas alí as dúas pancartas asinadas polo Comité de Empresa, que tamén ven dende EU que non están sos, ven que os sindicatos que representan a Astano os tres, teñen esa pancarta aí; que cre que estarán de acordo e estarán en contra dalgunhas cousas que a continuación expoñerá, que hai algunha organización empresarial que mantíña que Astano debía seguir e non vía viabilidade fóra do sector público; que a eles o que nunca lles estrañou e están acostumados a que o PSOE e o PP cando están na oposición non privatizan nada pero no momento que chegan privatizan ata o valle dos caídos se hai alguén que ofrezca algo por el, agora ben, o que lles estraña en si é a postura do BNG, e dálles pena

que unha oposición que é claudicante, que ás veces se analiza, e onte dicíalle un compañeiro que non sabe se as persoas ás veces cando se soben aos coches oficiais, non sabe se son os cristais que son escuros ou a comodidade dos coches que marean, que o que ao primeiro vese branco, ao pouco tempo vese negro, pero as cousas son así. Continúa o Sr. Sánchez Martínez dicindo que tamén se fala de que o Conselleiro de Industria o Sr. Blanco presenta un plan, pensan que aínda que na moción non se presente, pero tódalas cousas teñen un trasfondo e veñen de atrás, eles dende EU non pensan que este sexa un plan, cando o analizan ven que isto máis que un plan foi un regalo o que se lles quixo presentar, cando se falaba de regalar Astano en corenta millóns de euros, que non ten diñeiro pero se llo venderan o compraba, tanto él como todos os que están aquí porque farían un bo negocio e non perderían o tempo; que isto lémbbralles como ben dicían, todo o mundo coñecía a serie de privatizacións que fixo o goberno español como Telefónica, Iberia, e o mais recente Endesa, todas elas van regaladas, para eles dende EU non son privatizacións ,pois o ven como regalos a amigos, e sempre hai unha parte moi favorecida que son os banqueiros, hai cousas que fan pensar, os bancos solen ter fundacións, nesas fundacións non van ser mal pensados e van pensar que son casualidades, pero sempre detrás desas fundacións hai algún fillo dalgún alto cargo; se unen isto coa famosa opa de Gas Natural sobre Endesa que houbo hai uns días, que se lle dedicou moito tempo na prensa, que os que nesa empresa traballan primeiro oíron que un goberno determinado regalou a empresa aos seus amigos, agora chegan o segundo e queren regalala a outros ou querían regalala a outro, non sabe en que quedará o baile , pero que lembren nada máis que naquel momento unha cousa parecida ao que se quería facer a eles mais ou menos cando ven o famoso plan Barreras, Gas Natural naquel momento ofrecía 21,3 euros por acción, iso trasladado ao prezo das accións que tiñan Endesa eran tres mil cincocentos millóns de pesetas aproximadamente, chega Eón e ofrece 38,75 por acción, total que pasa a unha empresa que estaba valorada en vintedous mil cincocentos cincuenta millóns a corenta e un mil cincuenta millóns, total un negocio de dezaoto mil cincocentos millóns de euros nun ano, e si que son negocios, son negocios ou son regalos, cada un pode chamarlle como queira, os alemáns non debían ser moi tontos porque agora neste momento Enel ofrece 39 euros, e volve a repetir outra vez aqueles tres “non” que tiñamos aí, Astano non se vende, quizais non se venda, quizáis se intente regalar, Astano non se privatiza, onde dixen digo, digo diego, canto antes e primeiro mellor, Astano non se pecha, niso non son adiviños non o poden dicir pero vendo os resultados que as privatizacións trouxeron, analizando os estaleiros do norte, desde país vasco, cantabria, asturias, etc. ven que o que trouxo foi unha redución total e absoluta de plantillas e non viron por ningunha parte que se creara emprego, as condicións de traballo foron a peor, o emprego se reduciu, e qué dicir disto. Continúa o Sr. Sánchez Martínez dicindo que tamén quería facer un pouco o que foi a historia de Astano porque sempre estase repartindo paos pero cre que a Astano todos a coñecen e cos bos escritores que hai por aquí si algún escribe a historia de Astano coa serie de promesas que houbo podería facer unha boa novela de ciencia ficción, ao mellor lle quitaba o posto a Juanjo Benitez, e empezando a historia dos 30 anos que todo o mundo coñece, ven que en 1978 gobernando a UCD se produce a primeira reconversión de Astano, nela tratábase nin máis nin menos, dunha mobilidade xeográfica, hai unha oposición cidadá, traballadores, sindicatos, partidos políticos, e o impiden, tamén naqueles partidos políticos estaba o maior partido da oposición naquel momento , precisamente era o PSOE., chega 1984, se produce a reconversión salvaxe que todos coñecen, está gobernando por maioría absoluta o partido que sete anos antes se opoñía, se produce aquela desfeita, 3414 traballadores saen por onde poden, hai unhas garantías ao principio de tres anos, despois, debido a presións dos traballadores, cidadáns e sindicatos, principalmente CCOO, se amplían aquelas condicións que había, se melloran e se consegue que entren 788 traballadores; naqueles tempos aparece, co que dicía da ciencia ficción, a famosa promesa da SIV que ,como todos saben ,os cristais aqueles famosos se obscureceron, foi o primeiro timo que trae o PSOE, nos anos 90 chega outra historia, é o caso de Indunor, unha empresa

que hoxe está desaparecida, con 300 traballadores se conta a aventura de que vai comprar Astano e non sabe onde está Indunor hoxe en día; por aquela época máis ou menos aparece outra historia dun armador grego, outro comprador que ía comprar Astano, aí está o Sr. Juan Fernández conselleiro de industria do PP, parece ser que hai para todos, é o segundo timo, e agora chega o terceiro, o de Barreras, esta empresa din que chegou a ter 250 traballadores fixos en Vigo, agora ten 350 e os datos que ten son 80 fixos e o resto en precario, que pasaría aquí se preguntan desde EU se o feito se consumara, teñen datos dun sindicato que falou por aí, ninguén dixo o contrario, falouse dunha deslocalización e habería que analizar canto emprego fixo quedaría e cal sería a creación de emprego neto; cando estamos nunha zona como esta tan castigada, ven recentemente e acudiu toda a comarca cando falan do emprego precario, é coñecido de todo o mundo, aquela plantilla bastante ampla que tiña Nervión en Bazán, despediu a 170 traballadores con contrato fixo que tiñan e lles ofreceu outro novo e precario partindo de cero aquí en Ferrol, e resumindo ven que toda esta serie de proxectos que se lles presenta non lle ven consistencia e simplemente é fume dunha promesa electoralista de cara ás próximas eleccións, ademais que o que está por detrás, o regalo de Astano a Barreras non ten nin pés nin cabeza porque se de verdade se quixera facer é como cando unha persoa vai comprar unha casa, o primeiro será saber, indagar, se o propietario está disposto a vender, iso non se fixo e seguramente porque se se seguen tódolos pasos ordinarios seguramente pasaría o tempo das eleccións e non daría tempo a presentar esta farsa que eles ven; habería que facer e houbo tempo a facelo de sobra, a situación do estaleiro respecto á Unión Europea, cre que se sabe ben porque xa hai uns meses dixeron dende EU que o que non cren é que o acordo famoso que se asinou Sepi-Sindicatos e non se fixo ou non se quere facer público, esté en Bruselas baixo sete chaves, os Deputados de alí supoñen que o coñecen ao igual que o resto dos partidos, ademais tiña que terse iniciado unha serie de reunións con todas esas persoas se se desconfiaba diso, habería que tratar cos representantes dos traballadores, e como ben dixo non están precisamente pola privatización, non hai máis que ver as pancartas que están postas alí, e había que tratar coa Sepi e sindicatos que asinaron o plan de reindustrialización e dinamización dos estaleiros e da comarca de Ferrol, que hai que seguir e intentar que se cumpra, non se poden cansar aos dous días, que unha vez feito e establecido o prezo poderíase falar con Barreras ou con quen fora, e unha vez con iso facer un plan definitivo onde se diría o traballo fixo, o eventual e que é o que se vai crear aquí, e habería que falar tamén da duración ou da previsión do proxecto do futuro do traballo, que iso non van ser dous nin tres meses, e con esta serie de datos na man, aínda que EU defende que Astano debe ser e continuar á vista dos antecedentes que hai como empresa pública poderíase estudar o proxecto, así sinxelamente ven que non ten sentido; que isto o di como introducción e despois ,nunha segunda rolda que supón vai haber, pasarán a explicar qué puntos serven e qué puntos non, indubidablemente que na moción presentada hai puntos que se axustan ao sentir e ao que eles defenden e hai outros que para eles son totalmente inasumibles.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que desde o BNG non van admitir que lles dean leccións de apoio ao sector naval de Galicia e de apoio a empresas públicas. Continúa a súa intervención o Sr. Permuy Martínez dicindo que é certo ,e a historia o dí, desde Fene o BNG estiveron defendendo desde o ano 1984, desde a primeira reconversión, que por certo non asinou ningún nacionalista, si sindicatos estatais, a primeira criba e a primeira desparalización de Astano, é certo que aquí se ofreceu así, que fixo crear un furado de máis de setenta millóns daquela ao Concello de Fene, e tamén é certo que recoñecen que daquela foi a primeira estafa que lle deron desde o Estado ao goberno da Xunta ,que tamén era goberno non amigo ,pero tampouco inimigo, e principalmente a comarca de ferrolterra, e o BNG máis tarde aínda intentou defender e o defendeu a capa e espada crear a zona integral da ría de Ferrol, un

complexo integral do sector naval, que volveron a atoparse con imposicións e con problemas tamén coa xente do Estado, soamente o defenderon e quedaron sos unha vez máis os nacionalistas.

(Nestes momentos ausentase da sesión o Concelleiro Don Manuel A. Rodríguez Carballeira).

Continúa a súa intervención o Sr. Permuy Martínez e di que é certo que para eles o sector naval en Galicia é prioritario, así o dixeron na campaña para o goberno de Galicia e así o Conselleiro intentou traballar no primeiro momento; que en primeiro lugar quixo traballalo e facelo desde o público, e atopouse cun acordo asinado entre os sindicatos e a Sepi que Astano non podía ser público no sector civil baixo ningún concepto, só podían ter as 340 ou 350 persoas que están alí, a única capacidade para facer, enredar o que quixeran pero sempre no público e sempre no militar, e iso teñen que recoñecelo, e que tamén é certo que veu en varias ocasións o Conselleiro tanto á comarca de Ferrol como a falar nas empresas, cun plan que ía intentar por tódolos medios, ben no público, ben no privado, que Astano se revitalizara e a que Astano fixera barcos, que iso era o que eles querían, e que lembra as palabras do seu voceiro que dicía que se ao Estado non lle interesa o sector naval en Galicia ao Bloque si, e iso é o que están a facer, e que ao mellor era moi fácil seguir pelexando polo imposible, eles ao final tiveron que tragar sapos e irse porque o espacio ocioso de Astano poida facer barcos civís e que poida ser a empresa privada quen os faga, pero teñen claro que se iso vai traer carga de traballo para Astano e vai traer melloras para a comarca e van estar dispostos a pelexar. Continúa o Sr. Permuy Martínez a súa intervención dicindo que sobre o trema dos empregos fixos ou parciais o estudarán no seu momento e dende logo o BNG vai estar pelexando porque cada un reciba un salario xusto, niso non cabe dúbida, que esta proposta non é un bluf, que levan dous anos traballando nela, pode que non se leve a cabo, pode que ao final non se consigan eses activos ociosos, pode que consigan que lles dean a espalda como o fixeron hai uns días no Parlamento do Estado, e pode que incluso lles dean a espalda en Europa, pero que desde logo o que é o BNG vai seguir pelexando porque esta comarca teña futuro, non lle valen os plans vidos de Madrid nin doutro lado, de feito xa viron a situación, e tampouco lles vale a pelexa que teñen sempre os dous grandes partidos estatais para tirarse a pelota un a outro cando están ou non no estado e ao final ningún dos dous fixeron nada; o que eles estiveron sempre foi intentando que o sur non lles leve todos os barcos dunha vez por todas, e iso é así de claro; respecto ás mocións e a que estase a aprobar agora, non son calcadas, de feito as exposicións de motivos son bastante distintas, nunha queren plasmar o que pasou desde o ano 84 e outra cousa é que ao final na proposta de resolución se cheguen a acordos, e se a voceira do Partido Popular se fixa ben, no punto cuarto son totalmente distintas; houbo un consenso porque queren chegar a consenso, porque poden discrepar na forma ou como se traballou ata aquí no tema de Astano pero o que está claro é que tanto un como outro o que están a defender agora é que tanto aquí na comarca como en Fene haxa traballo e se pode ser no sector naval, moito mellor, porque desde logo hoxe por hoxe, é a única opción que pode ser válida para esta comarca.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que non sabe se entrando dentro desta batalla que dicía o voceiro do BNG entre os dous grandes partidos estatais, pero si que quere dicir algo; di que a él o Partido Popular e calquera outro partido loxicamente pódelle dar calquera tipo de lección e pode aprender calquera cousa de calquera político e de calquera ideoloxía, pero desde logo neste tema, leccións de coherencia e de electoralismo do PP a verdade é que non as acepta. Continúa o Sr. Puentes Rivera dicindo que entrando en primeiro lugar e enlazando co que dicía o voceiro do BNG, a exposición de motivos das dúas mocións é radicalmente diferente unha da outra porque loxicamente son dúas forzas políticas con dúas visións diferentes e, polo tanto,

entenden o tema dunha forma diferente, pero que a proposta de resolución son moi parecidas porque xorden as dúas dun acordo acadado a semana pasada no Parlamento de Galicia votado polo Partido Popular, ese é o gran milagre que sexan parecidas, que se acordaron no Parlamento de Galicia previamente, que son parecidas pero non nin calcadas nin iguais porque no punto cuarto precisamente incorporase algo que verá na moción do grupo socialista que fai referencia ao diálogo e a buscar o acordo cos traballadores de Navantia que é o que dicía na súa primeira exposición; tamén con respecto a iso, aclarar a EU que o Partido Socialista non está en ningún caso a favor da privatización de Navantia Fene, que o PSOE non quere privatizar Navantia Fene; que no ano 2004 cando grazas á brillante xestión do Partido Popular da empresa Izar, a Unión Europea impón as sancións que impón e se inicia a crise e a quebra dos estaleiros públicos de Izar, o Partido Socialista daquela con respecto ao estaleiro de Fene, dicía tres cousas claras, primeiro non á privatización, a pesar de que os plans iniciais do Ministerio de Economía xa do Partido Socialista e da Sepi, era que Astano como as demais factorías públicas do grupo Izar se privatizasen e quebrase dentro do que era o antigo grupo Izar; a pesar dixo o PSOE dixo non á privatización de ASTANO, dixo que querían carga de traballo para o estaleiro de Fene e en terceiro lugar defenden sempre o acordo cos traballadores, e dixeron ademáis que sempre defenderían o que o Comité de Empresa de Astano decidise que era o mellor para esta factoría e se fixo así, e de feito Astano hoxe non é unha empresa privada como inicialmente se pretendía, e o Partido Popular ten aquí un veciño tamén cunha brillante xestión en tódolos cargos que estivo que é Fernández de Mesa, hoxe deputado no Congreso dos Deputados, e pódennlle preguntar o que pensaba no ano 2003 e no 2004 sobre a privatización dos estaleiros públicos de España; iso o dicían no ano 2004 e hoxe no 2007 o Partido Socialista segue a dicir exactamente o mesmo, non á privatización de Astano, carga de traballo para Astano e acordo cos traballadores de Navantia, e estas tres mesmas cousas que seguen dicindo agora son as que se plasman nesta moción consensuada neste caso co BNG. Continúa a súa intervención o Sr. Puentes Rivera e di que con respecto ao Parlamento do Estado, e tampouco é que difira moito a postura que defenderon EU e o PSOE hai dous días no Congreso dos Deputados, a postura do Partido Socialista nese pleno do Congreso dicía: primeiro punto protexer o proxecto industrial de Navantia, e nesta moción dise claramente que o seu obxectivo é defender as necesidades de Navantia como empresa pública en Fene; segundo, cumprir os compromisos coa Unión Europea, é dicir, todo o que se faga que esté dentro do marco legal, por suposto, e terceiro, que é o máis importante, optimizar os activos susceptibles de acoller novas iniciativas empresariais, que é tamén o que se di nesta moción e no que se teñen que centrar, que é no futuro das instalacións que temos en Fene, é dicir, á marxe dun plan concreto que hai neste momento, que é o plan chamado plan Barreras auspiciado pola Xunta de Galicia, o que tratan de consensuar e de plasmar nesta moción que hoxe ven ao pleno é que, por riba de plans concretos, do que se trata é de que se atopen solucións de futuro para Navantia Fene, é que nunha parte dos terreos que evidentemente unha parte si se poden destinar a outros industriais, que se creen máis empresas que sumen, non que resten nin que substitúan a Navantia Fene, que sumen ao que é xa Navantia Fene, e non está falando de cousas que deban soar estrañas, é dicir, unha parte das instalacións de Astano están destinadas neste momento a Turbinas por exemplo, que é unha actividade diferente da propia naval; en Astano tamén houbo outras instalacións nunha parte dos terreos de Astano e iso non implicou a privatización de Navantia, non implicou que Navantia seguise existindo en Fene e que segan tendo unha empresa pública destinada á produción de barcos, polo tanto, os tres puntos son: ¿empresa pública en Fene, estaleiro público militar e civil?, si, baixo o seu punto de vista e ten que seguir aí; segundo punto, acordo cos traballadores e respecto tamén ás decisións e vontades dos traballadores de Navantia Fene e ,en terceiro lugar, sen que implique reducir a capacidade de produción de Navantia, desenvolver outros proxectos industriais que sexan viables, que sexan factibles e que permitan crear emprego en Ferrolterra e en Fene particularmente.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que si está de acordo co voceiro do PSOE de que a súa intención non é privatizar Astano, a intención dos Socialistas nunca foi privatizar Astano, a intención dos Socialistas foi liquidar Astano, e así o teñen e así o acaban de confirmar os seus compañeiros en Madrid, non sabe nin sequera como ten a cara de criticar a labor do Partido Popular cando coa labor do Partido Popular o estaleiro estaba traballando, non era nos seus grandes días nin nos seus grandes tempos, pero grazas á sinatura do PSOE en Bruselas, grazas aos acordos de Bruselas, así os levaron, ata aquí os levaron; desde logo se o Partido Socialista en Madrid puxera o empeño en reflotar o estaleiro de Fene como pon en defender Endesa, ou a empresa de Porto Real, asegura que o estaleiro de Fene estaría a plena carga de traballo; que a realidade é esa, o voceiro do PSOE non o pode admitir e o entende, ten que dar o tipo, non lle queda outra e para iso non ten problema ningún porque cara chégalle, que o que agora está dicindo mañá non vai servir de nada e o que dixo no pleno anterior, neste completamente ao revés, está criticando a labor do Partido Popular e na súa moción está a pedir que se leve a cabo un acordo que se conseguiu co Partido Popular en decembro de 2004, e ese foi un acordo do Partido Popular, polo tanto non entende cómo pode dicir o que di, que eles van defender calquera punto que sexa bo para o estaleiro e para os traballadores de Astano para que se poida reflotar e se poida pedir carga de traballo para Astano, que o Partido Popular no seu día é verdade que pediu a privatización e tanto o PSOE como o resto dos grupos políticos puxeron o grito no ceo cando vían que era o momento de privatizar o estaleiro para dotalo de carga de traballo, agora todo lles vale, empresas auxiliares, polígono industrial, da igual, o que se monte aí, que veña o sector naval, que non veña, a ser posible que non veña nada, van poñer tódolos atrancos posibles para que non veña nada nin Barreras nin outro, agora hai unha oferta que consideran todos que é unha boa oferta e eles se dedican dende Madrid a petardeala e dicir que non, que iso non é viable, que mellor que se fagan bonecas aí, pero como non hai ningunha empresa que queira vir facer bonecas pois mellor que non se faga nada, esa é a realidade do Partido Socialista, e a realidade do Partido Popular é que queren que dentro do estaleiro de Fene se pida dotar de carga de traballo, que é un estaleiro, polo tanto, que sexa carga de construción naval, e preguntalle por qué non lle pide aos seus compañeiros que están desviando a carga de traballo para Andalucía que a deixen quedar aquí, por qué non votaron a favor da súa moción onde dicían que se pedira a Bruselas que se comunicara se había algún veto que lle prohibira a Astano construír barcos ou vir Barreras para aquí, por qué non votou a favor, cre que para eles terían outra perspectiva se nestes momentos alguén mais que o Partido Socialista lles dixera se é posible que Barreras veña para Fene ou non para poder ver as cousas un pouco máis claras, pero non quixeron que se votara a moción, qué medo lle dan eses acordos secretos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que vai explicar unha serie de cousas polas contestacións que se deron, e que o que lles queda claro é que a privatización non se admite, que recolleu unhas palabras do voceiro do BNG, concretamente que di que Astano non pode ser público, é o que a eles lles diferencia da proposta dos puntos da moción; que eles non prexulgan o traballo que cada grupo tivo, é verdade que o BNG tivo unha labor activa na defensa de Astano, pero que a tivo ata hai dous anos, non quere entrar máis nestes temas, pero se hai que dar máis datos, danse.; ao voceiro do PSOE dicirlle que o que non se pode dicir cando a proposta recolle unha privatización non se pode tratar de enganar aos demais, se non recollese unha privatización faltaría máis para que EU non a foran a apoiar, que hai tres puntos cos que están totalmente de acordo e non ten nada que dicir, é o punto dous que di: que se garanta a plena carga de traballo na factoría de Navantia Fene, nisto todos están de acordo, foi polo que se loitou, polo que se loita e polo que se loitará. Que se presente de inmediato o plan para Ferrolterra previsto nos acordos de 16 de decembro de 2004, precisamente é o que

están pedindo dende EU, totalmente de acordo. Que a SEPI inicie coa Xunta de Galicia o deseño e impulso de novos proxectos de reindustrialización na comarca de Ferrolterra, ídem, tamén están totalmente de acordo, agora co que non poden estar de acordo é o punto un onde di que se adopte as medidas precisas que permitan que parte dos activos que no pasado pertenceron a Astano en Fene poidan ser desafectados pola SEPI, que iso nin máis nin menos no idioma que entenden todos o que siñifica é dar lugar a unha privatización, e non poden darlle máis voltas, pero que se digan as cousas como son, que eles dende EU non se van pelexar con ninguén porque defenda unha privatización ou non, pero que hai que dicilo, e niso eles non están de acordo polos motivos que explicou anteriormente; que o punto cuarto, para o que non sepa ler entre liñas, isto pasa por enriba onde se refire que se adopte algún acordo que poida afectar aos/ás traballadores/as de Navantia Fene, garante sempre que o actual cadro de persoal do estaleiro poida optar por continuar dentro do sector público, se non se privatiza non hai ningún sentido a que ese persoal poida permanecer no sector público que xa está, e esas son as cousas que lles impiden votar a favor desta proposta e cando ven isto teranse que abster.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. González Vizoso quen, unha vez concedido manifesta que cre que non toda a xente que está presente ten a virtude ou o defecto de coñecela, e os que estiveron na loita do tema de Astano saben perfectamente que esta non é a primeira intención de privatización de Astano, a primeira foi o tema da SIV, Astano que era un estaleiro íntegro se racha en parcelas, Imenosa, Astano e a Siv, e a SIV Atlántica se desafectou, o que pasa é que se iniciou o trámite e non se concluíu porque o proxecto fracasou, ¿quen apoiou naquel entón politicamente?, os partidos estatais, dende o PSOE ata EU, Sindicatos estatais; o único que se opuxo á primeira privatización foi o nacionalismo sindical e político, ocorreu así, e de feito pode dicir que eles foron a Venecia invitados pola SIV Atlántica e, era máis, se privatizaba parte da plantilla de Astano, pasaba a pertencer a unha empresa privada independente, que era a SIV, ¿qué curioso?, pois isto foi así de real, a primeira privatización non é esta. Continúa o Sr. González Vizoso a súa intervención e manifesta que ten claro unha cousa, por suposto que non vai durar cen anos, pero que non vai estar nin vinte, nin trinta, nin corenta, nin cincoenta anos que os fillos dos veciños de Fene estean esperando a que non se privatice iso, eles o que buscan é a solución para a sociedade de Fene, xa desesperados, porque realmente están cansos de que moción tras moción, manifestación, aquelas manifestacións masivas, aqueles peches no Concello de Fene, protestas grandes, ata problemas físicos e doutro tipo, ao final quedaron media ducia, con esta contestación social, con esa demanda social non se pode andar resistindo toda a vida e defendendo un proxecto exclusivamente público, hai que buscar unha solución como sexa, levan aquí unha etapa longuíssima dentro do Concello de Fene e viron todo ese proceso, e a primeira privatización foi a que dixo anteriormente, coa segregación da SIV atlántica, de feito pode dicir que non se concluíu a segregación e houbo un problema na contribución urbana que despois Astano tivo que pagar cinco anos seguidos de contribución vinte millóns de pesetas que lle pagou a empresa a Astano por eses terreos que ao final non se desafectaron, que esa é a razón histórica, que antes houbo e que non está desvirtuando a historia.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que quere corrixir un lapsus ou unha mentira pretendida do grupo popular e recorda que o 16 de decembro de 2004, felizmente e afortunadamente José Luis Rodríguez Zapatero era Presidente do Goberno, porque afortunadamente o Partido Popular perdeu as eleccións o 14 de marzo de 2004, e ,efectivamente ,cando gobernou o Partido Popular, como ben dicía a voceira na súa intervención, non houbo un proceso en Astano de reestructuración, de reconversión, como se queira chamar, porque foron moi hábiles e todas aquelas notificacións que lles mandaba a Unión Europea ao Goberno de España dicindo que

as axudas que estaban concedendo eran ilegais e que ían impoñer sancións millonarias á empresa pública de estaleiros de España as foron arquivando nun caixón e non tiveron nin a valentía, nin a decencia, nin a dignidade política como debe ter un partido minimamente serio, de, no traspaso de poderes, comunicarlle ao novo partido que asumía o goberno que iso quedaba así, e se tivo que descubrir un mes despois que era unha situación que viña herdada dende o ano 1999, cinco anos atrás, e o Partido Popular non dixo absolutamente nada nesa última lexislatura de goberno sabendo como estaba a situación de Izar en Fene e no resto do Estado, polo tanto, o acordo asinado o 16 de decembro de 2004, o asinou o goberno do Partido Socialista, con Comisións Obreiras e coa Unión Xeral de Traballadores, non o asinou o Partido Popular, e foi un acordo forzado por unha situación herdada do goberno do PP porque cada un ten as súas responsabilidades. Continúa o Sr. Puentes Rivera dicindo que con respecto á privatización, quere explicarlle ao voceiro de EU, que llo pode explicar máis alto pero máis claro non, que o PSOE non quere privatizar Astano, o PSOE non deixará ademais que Astano se private, outra cousa é, e por iso pon na moción que os traballadores en todo caso poderán continuar dentro do sector público, outra cousa é que teñan un estaleiro cunha superficie determinada, que no seu momento tivo o volume de traballo que tivo, os traballadores que tivo, e que nestes momentos obviamente non está a nivel de produción nin de emprego que tivo no pasado, polo tanto, outra cousa é que dentro desas instalacións, unha parte das instalacións como dicía o Sr. González Vizoso que ocorreu no pasado, que unha parte desas instalacións se poidan desafectar e se poidan desenvolver outros proxectos empresariais, pero o que o Partido Socialista defende é un estaleiro público, con traballadores dentro do sector público, que se adique a facer barcos civís e barcos militares, dentro do sector público, pero que nunha zona que poden ser eses douscentos mil metros cadrados ou os que se estimen oportunos desa superficie que ocupou Astano nun momento, desafectala que hoxe non se utiliza, que se poida desafectar e que se poidan desenvolver proxectos empresariais públicos ou privados neste caso, pero a empresa pública como tal para eles ten que seguir estando aí, polo tanto, non están a favor de que se private Astano.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido indica ao Sr. González Vizoso que non está totalmente de acordo co que manifestou, que a él se se lle presenta algún documento onde conste o que dixo, que leva en Galicia dende 1975, leva militando no que anteriormente foi o PC dende 1965 e nunca estiveron nin o PC nin EU pola privatización de ningunha empresa pública; di que se é capaz de traerlle documentos está disposto a rectificar, que todo o que afirmou está nas hemerotecas, que o proxecto que nestes momentos aquí se presenta é electoralista e quere facer unha afirmación, a partir do 28 de maio ¿qué?

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. González Vizoso quen, unha vez concedido respóstalle ao Sr. Sánchez Martínez e di que está moi equivocado, que militantes de EU e do sindicato Comisións Obreiras estiveron con él precisamente en Venecia, que a segregación de Astano dunha parcela para a SIV Atlántica se asinou aquí, e segregar a SIV cunha parcela de Astano significa reparcelar Astano, privatizar unha parcela de Astano e persoal ou traballadores de Astano metelos nunha empresa privada, e así foi como ocorreu.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que para él, que houbese traballadores ou militantes que naquel momento estaban no Comité de empresa, que contra a súa vontade ou polo que fora tivesen que ir a determinados sitios non o nega, que él estivo en Endesa e desgraciadamente cando se privatizou tamén estaba alí e tivo que facer determinadas cousas lle gustaran ou non, agora ben, que fixeron cousas en contra da súa vontade e iso non significa que EU defendera a privatización.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que quere facer unha pequena aclaración e mais que como concelleiro que é aquí, como traballador de Astano, que se este Pleno se celebrara en Valladolid ou noutro lado todo sería moi correcto pero tratándose do Concello de Fene está sorprendidísimo, mira para o público e ás veces ve sorrisos, todos defenden tanto a Astano, e todos queren tanto a Astano, e o único é que levan vinte e catro anos levando paos con Astano, do PSOE, do PP e de quen governe este país, todos dan leña; que él sabe en qué condicións están traballando en Astano agora mesmo, e todos din defender Astano, defendelo para pechalo está claro, porque non ten outra explicación, que están aguantando unha plantilla e uns traballadores onde recoñecen publicamente que perden corenta millóns de pesetas anuais, e non é por culpa dos traballadores, é por culpa do que organizaron aí e de cómo deixaron iso, semellantes instalacións con 300 traballadores dos cales 174 están en oficiñas, que lle digan qué empresa pode aguantar iso e qué rendemento pode dar, sen embargo, historicamente aquí non houbo máis que mocións e Plenos para defender Astano pero a realidade a ve cando mira para a xente e ve risas por aí, porque hai xente que traballou alí e sabe o que era antes e o que é agora, e aquí están moitos defendendo a Astano que nunca o pisaron nin saben como era nin por dentro nin por fóra, e que non quere respostas de ninguén que non lle fan falta.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a moción obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Quince (15), dos/as Sres/as. Rivera Arnosos, González Tomé, Pico Sanmartín, Permuy Martínez, González Vizoso, Martínez González, Couto Seijido, Puentes Rivera, Goti Ramil, García Bermúdez, Yáñez Fernández, Blanco Pico, Malvar Fernández, Fornos Corral e Amado López.

Votos en contra: Ningún

Abstencións: Unha (1), do Sr. Sánchez Martínez.

Á vista dor resultado da votación declárase aprobada a moción dos grupos municipais do BNG e do PsdeG-PSOE de Fene anteriormente transcrita.

9º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 59, do 30 de Xaneiro de 2007 e a número 142, do 26 de Febreiro de 2007.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que ,a parte das diferentes actuacións que lles trasladan as diferentes sociedades e entidades do Concello de Fene que sigan tratando en comisión, si que esta pola gravidade que quizáis teña ,quere traelo a este Pleno e é rogar que se controle a seguridade e que se amaíe e se acondicione na medida do posible tanto o que é a pista polideportiva de Sillobre como as inmediatecións que quedaron nun estado lamentable desde que se construíu ao lado a estación de bombeo de alcantarillado, que supón será tratado máis detidamente en comisión pero cre que o asunto é especialmente grave ,sobre todo polo deterioro no que se atopan as instalacións, que día a día sofren máis ataques de vandalismo ,incluso, porque alí

dentro se anda en coche, en motos, fánse carreiras e, a verdade que non é a situación máis axeitada. Continúa o Sr. Puentes Rivera e di que en segundo lugar quere preguntar se hai xa data para reunir a Comisión da auga.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que sobre a pista de Sillobre pouco pode dicir, que é unha pista que hai tres anos aproximadamente que se gastou un diñeiro en amañar a pista e agora volve a estar desfeita e que efectivamente haberá que levalo a comisión e dispoñer doutra partida económica importante para volvela a reparar.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que, con respecto á Comisión da auga, no momento que teñan os informes faráse a convocatoria da Comisión.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que quere referirse ao punto anterior de Resolucións da Alcaldía concretamente á 75, na que se pon subministro de combustible a vehículo do lixo 2,70 euros,e que imaxina que esta resolución ten un erro.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido resposta á Sra. Blanco Pico que se trata dun axuste contable, que ,normalmente, para os camións do lixo poñen unha cantidade fixa e logo hai algo máis e hai que facerlle a diferenia, iso é un axuste contable.

A Sra. Blanco Pico pide novamente o uso da palabra e ,unha vez concedido, pregunta sobre o aumento da inseguridade cidadá neste municipio, e pregunta se o Sr. Alcalde ten previsto adoptar algunha medida ao respecto; di que tamén quere saber se se lle entregou o uniforme á Policía Local, do que xa se falou noutro pleno e non tiveron unha resposta que lles satisfixera, e que tamén queren saber se está dotando o Concello da correspondente munición para que poidan facer as prácticas de tiro. Continúa a Sra. Blanco Pico e di que piden que se inste ás empresas constructoras da zona de Fene que adoptaran as medidas oportunas nos valados das obras para que os peóns poidan utilizar os pasos, porque hai varias obras, como pode ser na Rúa dos Muíños, na avda. Doutor Malvar ou na estrada da Fraga onde impiden o paso dos peóns e que tamén queren saber ,se é posible que se lles comente se o saben, o que pasou realmente no Colexio Jorge Juan porque a verdade é que elas, as únicas noticias que teñen, son as que apareceron na prensa; di que ,por outro lado ,revisando as resolucións da Alcaldía, atópase cunha onde aparece que unha empresa privada é capaz de coñecer en novembro de 2006 o proxecto de abastecemento de auga que aprobaron no pleno de xaneiro, e que a verdade, e de feito o técnico fai referencia a isto no proxecto que presentou un promotor “a existencia do proxecto de Abastecemento de Auga a Magalofes que discorre pola comarcal 3503”, cando eles non tiñan idea aínda, nin sequera que fora a existir ese proxecto, que saben del con carácter urxente ,que se meteu en pleno co proxecto sen acabar e sen a correspondente partida comprometida, e queren que se lles explique este punto.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. González Vizoso quen, unha vez concedido manifesta que en relación ao ocorrido no Colexio Jorge Juan foi que apareceu no patio unha bolsa pequena de cor, de raticida e estaban os cativos xogando por alí e empezaron a xogar con ela, que era un granulado e algún deles parece ser que o levaba á boca, que deuse conta ao profesor que estaba no patio e lles pareceu que era un raticida e para prevención do que poidera suceder se levaron inmediatamente ao Hospital a Ferrol e tomaron unha serie de medidas médicas, entre elas que foran todos os nenos que nese momento estaban no patio, que se fixo unha asemblea de pais e se lles informou por parte do médico do hospital o que

sucedera e sorte que non pasou nada. A Sra. Blanco Pico pregunta se se sabe de onde saíu, respostando o Sr. González Vizoso que é moi difícil saber de onde saíu, desde que o pode traer un rato dalgún sitio, que o pode traer un cativo, non se sabe, o que está claro é que o colexio fai a desratización, están controladas as bolsas no seu sitio, se comprobou todo e estaban todas no sitio, polo que supón debería ser unha cousa externa, que chamouse a inspección que estivo alí e o máis importante ,que era o perigo dos nenos , está salvado, que, o que pasa é que iso alarma e saben a prensa como é, e sucedeu o que sucedeu, pero afortunadamente os nenos están fóra de perigo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que en canto ao tema da auga a Magalofes, imaxina que se enterarían a través da empresa que fixo o proxecto porque, obviamente a Sra. Blanco Pico tamén sabía en novembro que ía haber auga a Magalofes, aínda que non tivera o proxecto, como o sabía toda a Comisión; que imaxina que a empresa que fai esa referencia do proxecto o sabería a través de Proyfe ,que era a empresa que estaba facendo o proxecto de Abastecemento de Auga a Magalofes, que non é ningún segredo, así o entende él. A Sra. Blanco Pico intervén e di que lle estraña que un proxecto que se aproba no pleno do mes de xaneiro , na resolución 104 pon que en novembro de 2006 xa coñecía o proxecto, que é un informe do técnico transcrito en dita resolución que fai referencia a ese proxecto e pregunta cómo un promotor privado ten coñecemento en novembro da existencia do proxecto. O Sr. Pico Sanmartín intervén e di que a Sra. Blanco Pico estase rindo e a él non lle fai ningunha graza, que cre que llo dixo claramente porque sabe que llo di sempre e non lle gusta, que o único que fai é demagogia, non fai outra cousa e agora estáse a rir e a él non o pon en dúbida porque sabe do que fala e que se pode rir, que non pasa nada. A Sra. Blanco Pico intervén e di que unha das cousas que fai no Pleno é gardar o suficiente respecto a toda a Corporación ,cousa que non fan con ela, porque nin fala, nin se ri nin fai ademáns, polo menos que se lle recoñeza.

Intervén o Sr. Pico Sanmartín e di que desde que se iniciou o trámite do proxecto ata o definitivo sufriu atrasos porque houbo que facer bastantes modificacións, de feito de 730 mil euros iniciais íase a un millón e pico de euros o que non podía ser ,e houbo que facer modificacións e niso pasou o tempo, que non houbo problemas doutro tipo, que tan pronto tiveron a reunión o Alcalde e él co Conselleiro lles garantiu que financiaban a auga a Magalofes.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. González Vizoso e manifesta que , respecto ao sinalado pola Sra. Blanco Pico verbo da munición, non sabe se é unha pregunta, que non o entende e que eles non teñen eses datos. Continúa o Sr. González Vizoso dicindo que en canto a delincuencia pedirá datos estadísticos sobre o tema.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
Alcalde-presidente

A secretaria,

Asdo. Xosé Mª Rivera Amoso.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.